

OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA O MÓDULO DE FOL IMPARTIDO POLA PROFESORA GABRIELA CABRAL GARCÍA

Aplicarase do seguinte xeito:

Cada unidade didáctica terá unha serie de actividades relacionadas cos contidos, éstas deberán ser realizadas e entregadas ao profesor na fecha indicada, serán avisados con bastante antelación. A cualificación delas será de 0 a 10, sendo necesario un 5 para superalas. Non se admiten entregas fora de prazo, estas serán calificadas con un 0. Aquelas actividades donde se detecte que son copiadas, a profesora pode solicitar que se fagan de forma manuscrita e que se envíen despois de facer unha foto., o ben que a cualificación sea de 0

En cada unidade didáctica haberá un proba consistente en preguntas de resposta múltiple, está proba será aberta polo profesor para que a fagan os alumnos unha vez rematada as actividades e a exposición de contidos, os alumnos serán avisados tamén con bastante antelación para que a vaian preparando, será calificada de 0 a 10, sendo necesaria para superala sacar un 5. Farase a media das dúas notas. O alumno que supere con un 5 como mínimo cada unidade didáctica non terá que facer exames

EXAMES:

Ademais dos controles de seguimento da avaliación continua, en cada avaliación realizaranse un ou varios exames escritos. O profesorado indicará con antelación as datas, hora e lugar. Procurarase non modificar as datas, e de ter que facelo o profesor avisará na aula cunha antelación non inferior a 48 horas.

Constarán de varias preguntas curtas, cuestións de verdadeiro e falso, preguntas longas a desenvolver e realización supostos prácticos. O número de preguntas poderá variar dun a outro exame.

Os exames serán calificados sobre 10 puntos e cada pregunta terá o valor que se indique na proba, de non indicarse terán todas o mesmo valor

En todo caso, a cualificación mínima para superar cada proba ou traballo será de 5 puntos.

A superación do módulo require demostrar en todo momento unha conduta adecuada (puntualidade, educación, disciplina, rendemento, respecto...) na aula, no centro educativo, nas actividades complementarias e extraescolares, e con todos os membros da comunidade educativa.

Para calcular a nota media compre ter unha nota 5 en cada proba e actividades

Notas:

Para a superación do módulo compre ter todas as avaliacións superadas, tomándose en consideración, ademais dos exámes, os traballos a entregar, as tarefas realizadas na aula, o

interese pola materia, a actitude, a participación, a puntualidade e a asistencia á clase en cada unha das avaliacións e na configuración global da cualificación definitiva.

Os alumnos que non teñan todas as avaliacións superadas deberán realizar o exame final para superar o módulo e, aqueles que teñan perdido o dereito de avaliación continua realizarán o Exame Extraordinario para a cualificación do módulo.

A superación da Ud 2 non implicará a superación da Ud 1, debendo estar ambas avaliadas positivamente para acadar a avaliación positiva do módulo de FOL, conforme á lexislación vixente.

Estos criterios de cualificación serán iguais no caso de que tanto alumnos como profesor foran confinados na casa

OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA O MÓDULO DE EIE IMPARTIDO POLA PROFESORA GABRIELA CABRAL GARCÍA

Na nota final terase en conta:

50% probas obxetivas; 50 % Plan de empresa

Para superar o módulo é preciso obter un 5 en cada un destes dous grupos, é dicir un alumno que non realiza ningunha actividade/ traballo proposto non superará o módulo.

Se nun trimestre se realizan varias probas cumpre ter un 4 en cada unha delas para facer media.

Se algún alumno non supera un/varios trimestres se lle fará unha proba de recuperación ao final, dado que se trata dun módulo teórico e os contidos son diferentes ao longo do curso non falamos dunha avaliación continua, debendo superar os dous trimestres para aprobar o módulo.

Esta proba de recuperación ten por obxecto obter a cualificación de 'apto' esa parte, en caso de facelo obterá un 5.

Os alumnos que cometan irregularidades como copiar os contidos dos traballos/tarefas dende calquera método, que chateen ou se adiquen a ver contidos que non teñan relación co módulo nas horas de clase nas que se fan os mesmos, co uso de internet, terán unha cualificación de 0 neste traballo. A reiteración de faltas no emprego incorrecto da aula de informática farán que o alumno suspenda o trimestre.

O alumnos serán informados do peso de cada actividade e das instrucións precisas para cada unha delas ao comezar as distintas UD.

Plan de empresa:

O alumno irá entregando informes parciais podendo modificar un informe xa entregado nunha entrega posterior. A puntuación final será a da última entrega que será no segundo trimestre.

En caso de confinamento os criterios de cualificación son os mesmos